

Castro de Castrelo

040259

Datos de Localización

Castro

Nomenclator:	3206704
Coord. UTM:	X: 593730 Y: 4660462
Concello:	Rairiz de Veiga
Parroquia:	LAMPAZA
Lugar:	Castrelo
Tipoloxía:	Xacementos Arqueolóxicos
Tipo:	Castros
Subtipo:	Castro



Denominación: Castro de Castrelo

Etapa Histórica: Idade do Ferro

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Castro situado nun espolón sobre o regato denominado Castrelo. Para chegar a el, é preciso coller a estrada que vai desde Castrelo a Candás, antes de tomar unha curva pechada a dereita, cóllese un camiño a esquerda que leva a ladeira do Castro.

Trátase dun castro de forma oval, que ocuparía unhas 3 has de terreo, cunhas dimensións integrais de 264 m. no eixo E-O por 235 no eixo N-S, segundo as fichas de Inventario do Patrimonio Arqueolóxico, firmadas por Alfredo Seara.

O seu perfil destaca, fortemente no terreo. A pendente acúsase, canto máis preto se está do cumio. Está cinguido por unha muralla cun terraplén duns 10 ou 12 m. de alto, segundo Alfredo Seara. A zona máis accesible é a S e a O. A zona de menos pendente é, por suposto a mellor defendida: no S e no O. As defensas se reforzan cun foxo profundo.

Nas prospeccións feitas por Alfredo Seara e nas recollidas no Inventario do Patrimonio Arqueolóxico do 2007, atopáronse fragmentos de cerámica castrexa de superficie de tonos marróns.

Segundo algúns veciños de Castrelo: "Había na cima unha porta que levaba a uns pasadizos onde vivían os Mouros" e que baixo o Castro había unha trabe de ouro.

DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia (2007) . Clave de identificación: GA32067005
- Catálogo de Bens Culturais do PXOM de Rairiz de Veiga. Nº DE FICHA: X_005

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Monte

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: Os movementos de terras, debido as obras de ampliación da estrada que vai a Castrelo desde Candás, afectaron ao contorno do xacemento, aínda que non parece fora danada ningunha estrutura.

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: xestas.

Bens Mobles











